

ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 21-22

Segundo a [Resolución do 20 de setembro de 2021 da secretaría Xeral de Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de elección de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos](#), haberá eleccións dos representantes dos distintos sectores da Comunidade Educativa no consello escolar entre os días 22 e 26 de novembro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A directora do Centro
- Un profesor ou profesora
- Un pai ou nai ou titor legal
- Un alumno ou alumna
- Un representante do persoal de administración e servizos.

As catro últimas persoas serán designadas por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase na **Aula de Emprendemento (112-113)** do Centro o próximo día **mércores 27 de outubro, ás 11:30 horas**.


A Xunta electoral constituirase o día 3 de novembro, ás 11:30h na Aula de Emprendemento (112-113) do Centro (enviarase citación).

Unha vez constituída a Xunta electoral, concretarase o calendario electoral, que será publicado na web e nos taboleiros do centro.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

A Coruña, a 18 de outubro de 2021

A directora



África López Souto